

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PARLAMENTO DE GALICIA**

ACORDO do 20 de marzo de 2019 polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2018.

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e deban proveerse mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

O 28 de xaneiro de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia ratificou os acordos da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia, acadados os días 27 de novembro e 14 de decembro de 2018, sobre a oferta de emprego público do ano 2018.

Conforme o anterior, e unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes, a Mesa da Cámara, ao abeiro do establecido no artigo 17 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adopta o seguinte acordo:

Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2018, constituída polas seguintes prazas que se relacionan a continuación:

I. Persoal de novo ingreso.

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo: D.

Corpo: auxiliar do Parlamento de Galicia.

Número de prazas: 1.

II. Promoción interna.

Tipo de persoal: funcionario.

Grupo: A.

Corpo: superior do Parlamento de Galicia.

Numero de prazas: 1.



Tipo de persoal: funcionario.
Grupo: B.
Corpo: xestión do Parlamento de Galicia.
Numero de prazas: 1.

Tipo de persoal: funcionario.
Grupo: C.
Corpo: administrativo do Parlamento de Galicia.
Número de prazas: 1.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

